



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Organización Industrial Europea	Código	611G01033	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Nieto Mengotti, Manuel Vicente	Correo electrónico	m.nieto1@udc.es	
Profesorado	Nieto Mengotti, Manuel Vicente Varela Candamio, Laura	Correo electrónico	m.nieto1@udc.es laura.varela.candamio@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Bases teóricas para o estudo das interaccións entre os axentes económicos en distintas situacións de contratos, organizacións e mercados mediante a microeconomía e a teoría de xogos a nivel intermedio. Tamén se recollen esquemas compatibles de incentivos e modelos de información asimétrica.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen ? Sesión maxistral (realizarase de forma virtual, preferiblemente a través de Teams): as clases maxistrais substitúense por videoconferencias, grabacións en Teams, YouTube ou similar. - Proba mixta (realizarase de forma virtual, preferiblemente a través de Moodle): A proba obxectiva manterase, adaptándoa á avaliación a distancia. *Metodoloxías docentes que se modifican Non se realizarán cambios</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado A atención personalizada ao alumno ou tutorías levarse a cabo por calquera medio que permita conectar có profesor, xa sexa a través de Moodle, Teams ou correo electrónico, respetando, no posible, os horarios de tutoría. De todos os xeitos, a atención ao alumno adaptarase con flexibilidade ás súas necesidades en horario compatible coa la dispoñibilidade do profesor. ? Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento da aprendizaxe colaborativa. ? Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado. Dispoñen de ?foros? (valorarase a inclusión de foros temáticos asociados a cada módulo da materia), para formular as consultas necesarias. Tamén se poderán propoñer ?foros de actividade específica? para desenvolver a ?Aprendizaxe colaborativa?, a través das que se pon en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos da materia. ? Teams: sesións semanais en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e da aprendizaxe colaborativa na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. No seu caso, sesións semanais (segundo o demande o alumnado) en pequeno grupo (ate 6 persoas), para o seguimento e apoio na realización da ?aprendizaxe colaborativa?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumando para desenvolver o traballo da materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non se realizarán cambios *Observacións de avaliación: Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que: Elimínase o requisito mínimo de 2 puntos sobre 4 na proba mixta (exame final) de forma que o alumnado que suspenda esta proba NON figurará en actas coa calificación obtida na mesma senón coa suma de todas as calificacións obtidas en cada unha das partes obxecto de avaliación. REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA: a) Asistir e participar regularmente nas actividades da aprendizaxe colaborativa. b) Obter unha puntuación total mínima do 50% do total de actividades obxecto de avaliación. d) A segunda oportunidade estará sometida aos mesmos criterios que a primeira oportunidade.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizarán cambios. O alumnado xa dispoñe de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle.</p>
-----------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Saber analizar o grao de rivalidade competitiva dos sectores e a súas implicacións para a xestión da cadea de valor	A1 A2 A6 A10 A12	B1 B2 B6	C2 C3 C5 C8
Saber traballar en equipo e colaborativamente	A4 A7	B3 B4 B5 B10	C3 C6
Transmitir os valores de esforzo e de traballo e mais fomentar a iniciativa persoal	A11 A13	B5 B6 B7 B8 B9	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8
Saber identificar e analizar las principais forzas competitivas dos diferentes sectores a partir de fones de información económica relevante	A3 A5 A7 A8 A9	B4	C3

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1: INTRODUCCION Á TEORIA DE XOGOS	Decisión óptima e elección racional: o modelo matemático da optimización condicionada A interdependencia entre os axentes decisores: xogos cooperativos e non cooperativos Xogos e conflito humano: xogos estritamente competitivos e con ganancias mutuas.
TEMA 2: EQUILIBRIO DE NASH-COURNOT PARA XOGOS NON COOPERATIVOS	Correspondencias de mellor resposta: Exposición gráfica en xogos bipersonais con dúas estratexias. Discusión de exemplos significativos. Equilibrio de Nash en xogos finitos: Teorema de existencia de Nash Inducción retrospectiva e ameazas cribles. Refinamentos do equilibrio de Nash. Equilibrio perfecto en subxogos. Equilibrios en xogos con información incompleta. Equilibrios Bayesianos
TEMA 3: XOGOS REPETIDOS: TEOREMAS E PARADOXAS	Xogos repetidos: Conceptos básicos e exemplos. Paradoxas nos xogos de equilibrio único con horizonte finito e certo: Dilema dos Presos e Cadea de Almacéns. Xogos con horizonte infinito ou incerto: Estratexias de Gatillo e de Represalia. Múltiples equilibrios e Teorema Folk.
TEMA 4: INCENTIVOS, SISTEMAS COLECTIVISTAS E COMPETENCIA	A traxedia dos bens comunais: sobreexplotación de recursos Incentivos y oferta de esforzo nos sistemas colectivistas Dereitos de propiedade e contratos: A competencia como un xogo con resultados cooperativos eficientes.
TEMA 5: INTERDEPENDENCIA ESTRATEXICA E MODELOS DE COMPETENCIA	Competencia en cantidades: Modelos de Cournot. A competencia perfecta como límite da competencia en cantidades entre gran número de empresas Competencia en prezos: Modelos de Bertrand Competencia cantidades y prezos



TEMA 6: XOGOS EN ETAPAS: LIDERAZGO E VENTAXAS ESTRATEXICAS FRENTE Á ENTRADA	Liderazgo e modelos de Stackelberg Reinterpretación en termos de capacidade: compromisos creíbles e ventaxas estratéxicas das empresas establecidas Barreiras e disuasión de entrada. A estratexia do precio límite
TEMA 7: CARTELES E COLUSION EN OLIGOPOLIOS	Promesas e ameazas: Estratexias cribles de premio e castigo Colusión en modelos de Bertrand: prezos e incentivos a medio prazo. Prezos de Monopolio e equilibrios perfectos de Pareto. Colusión en modelos de Cournot: Cantidades de Monopolio e equilibrios perfectos de Pareto. Mecanismos de información e colusión entre oligopolistas: discusión da estabilidade dos cárteles e das posibilidades da política antimonopolio.
TEMA 8: MONOPOLIO E EFICIENCIA ECONOMICA: A DISCRIMINACIÓN DE PREZOS E A REGULACION	A discriminación de terceiro grao. A regra inversa da elasticidade. A discriminación de segundo grao A discriminación de primeiro grao. O excedente do consumidor e a solución competitiva. Regulación do monopolio: A regulación flexible na UE.
TEMA 9: DIFERENCIACIÓN DO PRODUTO	Diferenciación horizontal Diferenciación vertical
TEMA 10: RELACIÓNS VERTICAIS. REDES E PLATAFORMAS	Marxinalización dobre Control vertical Relación de exclusividade Redes e plataformas
TEMA 11: PROPIEDAD INTELECTUAL	Dereitos de autor Patentes Marcas comerciais Propiedade intelectual: carácter internacional

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A3 A4 A5 A7 A11 A12 A13 B4 B5 C2 C4 C7 C8	12	10	22
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A8 B1 B6 B7 B8 B9 C3 C5 C6	26	52	78
Estudo de casos	A6 A9 A10 B2 B3 C1	5	30	35
Aprendizaxe servizo	A1 A2 A3 A13 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1 C4 C8	5	0	5
Proba mixta	A2 A6 A12 B4 B10	5	0	5
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. En concreto, realizaránse actividades individuais ou en grupo relacionados con alguno dos temas do programa. Os pasos a seguir son: selección do tema, documentación, guión xeral, sesións periódicas co profesor/a para o seguimento, preparación da presentación e exposición na aula
Aprendizaxe servizo	Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu entorno coa fin de melloralo. Nesta materia, o alumnado poderá desenvolver actividades dentro do proxecto: "Economía con ciencia e conciencia: fomentando o desenvolvemento sostible"
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Aprendizaxe colaborativa Aprendizaxe servizo	Atención personalizada nas titorías de grupo reducido e nas titorías individuais, especialmente en relación cos traballos e outras actividades plantexadas na aula ou en Moodle. As Titorías de Grupo Reducido serán virtuais, así como as individuais e grupais, preferentemente.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A6 A9 A10 B2 B3 C1	Forma parte da avaliación continua desenvolvida a través da aprendizaxe colaborativa acadada nas aulas e que resulta da realización dunha serie de estudos de casos ao longo do curso. Alternativamente, ou como actividades complementarias, esta avaliación continua poderá ser avaliada mediante a realización dun MOOC ou dun proxecto de aprendizaxe-servizo.	60
Proba mixta	A2 A6 A12 B4 B10	Exame final: Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Os estudantes deben obter un mínimo de 2 puntos sobre 4.	40

Observacións avaliación



Os criterios de avaliación son os seguintes:

A) NORMATIVA DE AVALIACIÓN:

1. Condicións de avaliación: Está prohibido acceder á aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de información, agás no caso de exames en liña ou así o indique o equipo docente.
2. Identificación do estudante: O alumno deberá demostrar a súa personalidade segundo a normativa vixente.

B) AVALIACIÓNS ESPECÍFICAS:

1. Calificación de non presentado: Corresponde ao alumno, cando só participen en actividades de avaliación que teñan un peso inferior ao 20% da nota final, independentemente da calificación acadada.
2. Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Na primeira e segunda oportunidade, os criterios de avaliación rexiránse dacordo á realización dunha proba mixta cun peso do 100% sobre a calificación final. Consistirá nunha proba na que se incluírán cuestións teóricas e prácticas nas que os estudantes terán que demostrar ter alcanzado as competencias e os resultados de aprendizaxe da materia.

C) OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN:

1. Primeira oportunidade: aplicaranse os criterios de avaliación indicados anteriormente nesta sección.
2. Segunda oportunidade: mantéñense os criterios da primeira oportunidade e preservaranse as cualificacións acadadas na avaliación continua. Non obstante, ofrécese a posibilidade de recuperar a parte correspondente a "Case Studies". Alternativamente, previa solicitude, o estudante terá a oportunidade de realizar unha proba mixta na data do calendario oficial, equivalente ao 100% da cualificación final.
3. Convocatoria adiantada: As condicións de avaliación da oportunidade adiantada serán específicas para esta oportunidade. Esta será avaliada por medio dunha proba mixta que representará o 100% da calificación final.

D) OUTRAS OBSERVACIÓNS DE AVALIACIÓN:

1. Sobre mínimos nos criterios de avaliación: Non se require unha calificación mínima na parte da avaliación continua. Para a proba mixta é necesario obter un 50% da calificación posible para poder superar a materia. Este requisito aplícase tanto á primeira como á segunda oportunidade. No conxunto das dúas partes o alumno deberá obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a materia, pero sempre que na proba mixta acade un mínimo do 50% da puntuación da proba.
2. A detección de fraude, xa sexa plaxio ou calquera outra acción, suporá unha cualificación final de 0 puntos.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - FAIÑA MEDIN, J.A. (2003). A Teoría de Xogos: O nobel de Economía e moito máis.... A Coruña, UDC - TIROLE, J., (1990). Teoría de la Organización Industrial. Ariel, Barcelona, - FERNANDEZ DE CASTRO, J. e DUCH BROWN, N., (2003). Economía Industrial: Un enfoque estratéxico. Madrid, McGraw-Hill - PEPALL, L., RICHARDS, D.J. and NORMAN, G (2002). Industrial Organization: Contemporary Theory and Practice. Ohio, South-Western, Thomson Learning - MARTIN, S. (2001). Advanced Industrial Organization. Blackwell Publishers; 2º Edición
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - PHLIPS, L., (1995). Competition Policy: A Game-Theoretic Perspective. Cambridge University Press - Motta. M., (2004). Competition Policy: Theory and Practice. Cambridge University Press

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia: a. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático b. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais3. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade4. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías